

## Proceso de admisión

### Referencias legales

Proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostenidos con fondos públicos para el curso 2022/2023.

Resolución de 23 de febrero de 2022 , de la Dirección general de centros y recursos humanos, por la que se hace público el resultado del sorteo al que hace referencia el artículo 29 de la Orden de 12 de marzo de 2013.

Decreto 13/2022, de 3 de febrero, por el que se regula la admisión de alumnado en centros docentes sostenidos con fondos públicos que imparten enseñanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.

Orden de 12 de marzo de 2013 (DOG 15 de marzo de 2013) por la que se desarrolla el citado Decreto.

Orden de 25 de xaneiro de 2017 (DOG 1/02/17) por la que se modifica la Orden de 12 de marzo de 2013

Orden del 18 de diciembre de 2020 (DOG 22/12/2020) , por la que se modifica la Orden del 12 de marzo de 2013.

Ley 39/2015 , do 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

## ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2022-23

### 1. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Orde do 18 de decembro de 2020.
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro. (DOG, 26/12/2012).
- Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG, 15/03/2013).
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos ... (DOG 01/02/2017).
- Instrucións que poida ditar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o proceso de admisión, curso 2022-23.

### 2. CALENDARIO DE ACTUACIÓNS (Disposición adicional 1ª)

PRAZOS	ACTUACIÓNS SEGUNDO AS ORDE DO 12 DE MARZO DE 2013 E 25 DE XANEIRO DE 2017.
11 xaneiro - 8 de febreiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambio dun centro a outro ao que se está adscrito (alumnado de 6º, por exemplo). <b>Presentación de solicitude (Anexo I, ED550A)</b> polos pais, nais ou titores legais no centro de orixe, física ou dixitalmente. (Artigo 10º.2)</li> <li>- <b>Envío ao centro ao que está adscrito</b> da relación do alumnado susceptible de matricularse no mesmo para o vindeiro curso, xunto coas solicitudes de reserva de praza. (Artigo 10º.3)</li> <li>- A presentación de solicitude noutro centro estando vinculado por reserva implica perda do dereito de prioridade. (Artigo 11º.3 e 34º.1b).</li> </ul>
Ata 14 febreiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cargalas na aplicación admisionalumnado: Solicitudes/Reserva/Rexistro masivo. Remitir solicitudes ao IES adscrito.</li> </ul>
Ata 28 febreiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación no centro de orixe da listaxe de admitidos e non admitidos.</li> </ul>
Antes do 1 de marzo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprobación polo Consello Escolar do criterio complementario do centro, se é o caso, e da forma de acreditalo. Información á Xefatura Territorial e inclusión deste dato na información á que fai referencia o punto seguinte. (Art.28º).</li> <li>- <b>Publicación no taboleiro de anuncios das vacantes dispoñibles</b> para o curso 2022-23, así como dos demais aspectos que figuran no artigo 13º.1 e 13º.2 da devandita Orde.</li> <li>- <b>Reservar tres postos por unidade</b> nos cursos de 4º de EI e 1º de EP para que a Comisión de escolarización escolarice, se é o caso, alumnado con NEE ou NEAE (Artigo 3º.2).</li> <li>- <b>Sorteo público</b> na Consellería para determinar a orde de preferencia nos casos de empate. (Artigo 29º.3).</li> </ul>
1-21 de marzo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de <b>solicitudes de admisión</b> segundo o Anexo II (ED550B), acompañadas do DNI, copia do libro de familia ou documentación acreditativa do requisito de idade do alumno/a, convenio regulador ou resolución xudicial, se fose o caso (Arts.14º.1, 15º e 16º).</li> <li>- Cada solicitante presentará unha única solicitude, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza. (Artigo 14º.6). Na mesma solicitude indicará se desexa ou non utilizar o comedor e o transporte (Disposic. Adic. 2ª)</li> <li>- Esta <b>solicitude</b> entregárase no centro que se solicite en primeiro lugar de forma presencial ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<a href="https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado">https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado</a>) (Artigo 14º.5).</li> <li>- Todas as solicitudes deberán contar coa <b>data e selo de rexistro de entrada e/ou saída</b>, segundo proceda.</li> <li>- Ter todos os datos de admisión cargados na aplicación XADE nos 3 días hábiles seguintes á presentación de cada solicitude. (Art. 14.8)</li> <li>- Se os pais optan a unha praza para alumnado con NEE ou NEAE deberán manifestalo e achegarán a documentación pertinente. (Art. 37º.1 e 2)</li> <li>- <b>Envío á Xefatura Territorial</b>, no prazo máximo de <b>dez días hábiles</b> a partir do día seguinte da súa presentación no centro, xunto coa avaliación psicopedagóxica inicial realizada polo centro, das solicitudes para o alumnado con NEE ou NEAE (Artigo 38º.1).</li> </ul>
24 de marzo ao ao 8 de abril	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Se existe máis demanda que oferta</b>, presentación no centro de <b>documentación acreditativa dos criterios de baremo</b>, no caso de denegar a consulta automática. Esta presentación ten carácter voluntario. (Artigo 17º.1 e 2)</li> </ul>
Antes do 26 de abril	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recepción da Xefat. Territorial das solicitudes de prazas reservadas para n.e.e., acompañadas de informe do EOE e indicación de se procede ou non a escolarización con cargo á reserva de prazas. (Art. 38º.2).</li> <li>- <b>Reunión do Consello Escolar e publicación provisional</b> de admitidos e non admitidos por curso. (Artigo 30º.1)</li> <li>- Prazo de presentación de <b>reclamacións as listaxes provisionais: cinco días hábiles</b>. (Artigo 30º.3)</li> <li>- <b>As reclamacións resolveranse</b> coa publicación das listaxes definitivas. (Artigo 31º.1)</li> </ul>
Durante o mes de maio	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Solicitude dos servizos de transporte e comedor para o alumnado do Centro que non teña que formalizar matrícula, con documentación acreditativa e ou autorización á Consellería (Ver disposición adicional 2ª)</li> </ul>
Antes do 15 de maio	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Publicación das listaxes definitivas</b> de alumnado admitido e non admitido. (Artigo 31º.2).</li> <li>- Contra esta publicación, cabe recurso de alzada ante a xefatura territorial no prazo dun mes. (Artigo 32º).</li> <li>- Nun <b>prazo de 2 días hábiles</b> á publicación das listaxes definitivas, <b>envío á Xefatura Territorial a seguinte documentación</b> (artigo 33º): <ul style="list-style-type: none"> <li>- Copia das listaxes definitivas de admitidos.</li> <li>- Número de postos non cubertos, detallados por cursos e niveis se é o caso.</li> <li>- Listaxe de alumnado que non resultou admitido, xunto coa documentación presentada.</li> <li>- De ser o caso, solicitudes de alumnado con n.e.e. que non resultasen admitidas na resolución definitiva e, tamén de ser o caso, as prazas vacantes reservadas a este alumnado. (Art. 39º).</li> </ul> </li> </ul>
20-30 Xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Formalización da matrícula</b> do alumnado de educación infantil e primaria. (Artigo 40º.2 a).</li> <li>- Se finalizado este prazo non se formalizara a matrícula, decaerá o dereito á praza obtida (Art.40º.3)</li> <li>- Unha vez finalizado o prazo de matrícula, comunicación á <b>Xefatura Territorial o número de prazas vacantes</b> especificando curso e nivel educativo. Así mesmo irá comunicando todas as vacantes que se produzan ao longo do curso académico. (Artigo 42º).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O centro de secundaria <b>solicitará</b> ao centro de primaria a remisión de documentación correspondente ao alumnado que formalizou a matrícula no seu centro. (Art. 41º).</li> <li>- <b>Comunicar á Xefatura Territorial as vacantes</b> que se poidan producir no centro: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Con posterioridade á resolución definitiva e antes ao inicio do prazo de matrícula. (Artigo 33º).</li> <li>b) As que xurdan con posterioridade ao inicio do prazo de matrícula. (Artigo 42º).</li> <li>c) Tamén as que se produzan ao longo do curso académico. (Artigo 42º).</li> </ul> </li> </ul>	



### CRITERIO COMPLEMENTARIO PARA A ADMISIÓN DE ALUMNOS

O Consello Escolar do CEIP *Plurilingüe Concepción Arenal* ao abeiro do disposto no *DECRETO 254/2012 e na Orde do 12 de marzo de 2013*, dentro dos *Criterios xerais de admisión do alumnado*, apartado *i) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro*, acordou establecer o seguinte criterio:

- i) Por solicitar en primeiro lugar un centro de ensino público.**

A valoración deste criterio será **1 punto**.

A acreditación farase de oficio polo propio centro, sendo o documento acreditativo a propia solicitude de admisión, anexo II da Orde.



**RESOLUCIÓN DE 23 DE FEBREIRO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE FAI PÚBLICO O RESULTADO DO SORTEO AO QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 29 DA ORDE DO 12 DE MARZO DE 2013.**

Por **DECRETO 13/2022**, do 3 de febreiro (DOG número 29, do 11 de febreiro), e a Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG número 53, do 15 de marzo), regúlase o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, na educación primaria, na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato en centros docentes sustentados con fondos públicos.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en cumprimento do previsto no artigo 29 e na disposición adicional primeira da devandita orde, realizou nesta data o sorteo público na Sala B da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.

Para os efectos da resolución do desempate en la puntuación final na orde de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos no curso 2022/2023, conforme ao resultado do sorteo, as letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son as letras "V" e "U"; así mesmo, afectan ao segundo apelido as letras "A" e "Z".

Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

*(Asinado Dixitalmente)*

**RESOLUCIÓN DE 23 DE FEBRERO DE 2022, DE LA DIRECCIÓN GENERAL DE CENTROS Y RECURSOS HUMANOS, POR LA QUE SE HACE PÚBLICO EL RESULTADO DEL SORTEO AL QUE HACE REFERENCIA EL ARTÍCULO 29 DE LA ORDEN DE 12 DE MARZO DE 2013.**

Por **DECRETO 13/2022**, de 3 de febrero (DOG número 29, de 11 de febrero), y la Orden de 12 de marzo de 2013 (DOG número 53, de 15 de marzo), se regula el procedimiento para la admisión de alumnado en el segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria, en educación secundaria obligatoria y en bachillerato en centros docentes sostenidos con fondos públicos.

La Dirección General de Centros y Recursos Humanos, en cumplimiento de lo previsto en el artículo 29 y en la disposición adicional primera de dicha orden, realizó en esta fecha el sorteo público en la Sala B de la Consellería de Cultura, Educación y Universidad, en el Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.

A los efectos de la resolución del desempate en la puntuación final en el orden de admisión del alumnado en los centros sostenidos con fondos públicos en el curso 2022/2023, conforme al resultado del sorteo, las letras de prioridad que afectan al primer apellido son las letras "V" y "U"; asimismo, afectan al segundo apellido las letras "A" y "Z".





## **ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2022-2023**

A admisión do alumnado neste Centro para o curso **2022-2023** axustarase á normativa e proceso que se indica:

### **1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN**

- Decreto 254/2012**, do 13 de decembro (DOG 26/12/2012)
- Orde do 12 de marzo de 2013** (DOG 15/03/2013).
- Orde de 25 de xaneiro de 2017** (DOG 1/02/2017).
- Instrucións da D.X. de Centros e da Xefatura Territorial** para o proceso de admisión, curso 2022-23.

### **2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPONIBLES**

Cursos de Educación <b>Infantil</b>	<b>(1)</b>	Cursos de Educación <b>Primaria</b>	<b>(1)</b>
Cuarto (3 anos) ... 44	<b>6</b>	Primeiro .....	2
Quinto (4 anos) ... 2		Segundo .....	0
Sexto (5 anos) ... 0		Cuarto .....	1
		Quinto .....	18
		Sexto .....	1
			<b>(6)</b>

(1) Prazas reservadas de tres postos por unidade, para escolarización de alumnado con necesidade de apoio educativo pola Comisión de Escolarización.

### **3.- ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO**

A área de influencia do Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é o que figura no **plano** exposto ao lado do presente escrito. Ao efecto de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria, o Centro está adscrito ao **Instituto de Educación Secundaria Fernando Wirtz**.

#### **4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial pódense recoller en Conserxería ou a descargar: dende a páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipconcepcionarenal>

#### **As solicitudes de admisión poden tramitarse de dúas formas:**

- De forma presencial no centro docente.
- De forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).

As familias que fagan a solicitude de praza a través de aplicación informática poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

O prazo de presentación vai **dende o 1 ao 21 de marzo de 2022, ámbolos dous inclusive**, debendo ir acompañadas da copia do DNI do alumno/a ou da fotocopia do libro de familia onde estea inscrito o alumno/a.

Xunto coa solicitude achegarase a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. ***A non presentación da algún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.***

#### **5.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO**

▶ **Antes do 26 de abril:** Publicación da resolución provisional de admitidos e non admitidos. As listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro ***no prazo de cinco días hábiles.***

▶ **Antes do 15 de maio:** Publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ***no prazo dun mes.***

#### **6.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

O alumnado admitido en infantil e primaria formalizará a súa matrícula na Secretaría **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

## **7.- PROXECTO EDUCATIVO**

Somos un centro:

- **Plurilingüe:** Impártese a Educación Plástica en Inglés en todos os niveis de Primaria. Contamos con auxiliar de conversa nativa.
- **Abalar:** As aulas de 5º e 6º de Primaria son **aulas dixitais** (con encerado dixital interactivo, proxector e ultra portátiles para o alumnado).
- **TICs:** Todas as aulas do centro, a Biblioteca e a aula de Música/Usos Múltiples están dotadas con PDI e proxectores.
- Ofertamos o **Programa de Reforzo ( ARCO)** para o alumnado que o precise, de 4º, 5º ou 6º curso de Educación Primaria.

Na Secretaría do Colexio está dispoñible un exemplar do **Proxecto Educativo de Centro** para a súa consulta (en horario de mañá).

## **8.- RECURSOS ESPECÍFICOS E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

O Colexio ofrece os seguintes recursos específicos e servizos complementarios:

- Departamento de Orientación Escolar.**
- Aula de Informática.**
- Biblioteca escolar ( Proxecto PLAMBE).**
- Pavillón Polideportivo e Patio de recreo cubertos.**
- Transporte escolar adaptado**(Unicamente para o alumnado con discapacidade)
- Actividades Extraescolares**, organizadas e xestionadas pola ANPA do Colexio.
- Comedor Escolar e Madrugadores**, organizados e xestionados pola ANPA.

## **¡ OBSERVACIÖNS MOI IMPORTANTES !**

► Cada solicitante deberá presentar **unha única solicitude**, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza. Esta instancia será entregada no centro que solicita en primeiro lugar.

A solicitude deberá estar asinada incluso polos dous titulares da patria potestade ou representantes legais.

**NO CASO DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO** será necesaria a **SINATURA DE AMBOS PROXENITORES**, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un só proxenitor.

En ambos casos será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente a ésta ou outra circunstancia.

**Darán lugar á perda do dereito de prioridade:**

- ▶ No caso de que o solicitante presente máis dunha solicitude para unha mesma ensinanza no mesmo ou en diferentes centros, determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- ▶ O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- ▶ As solicitudes presentadas fora de prazo, referidas a unha mesma persoa (no caso de presentación de máis de unha), as presentadas estando vinculado por reserva, as que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a e as que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais, enviaranse de xeito inmediato á Xefatura Territorial.

A Coruña, 25 de febreiro de 2022

A Directora:



Asdo. Shyra Flecha Conde

As familias que soliciten información do Colexio e das instalacións do mesmo poden visitar, a web do centro na seguinte dirección:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipconcepcionarenal/>

Para calquera información adicional ou aclaración, poden dirixirse telefónicamente (881880066- 881880064) Secretaría / Dirección do centro.





## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑARÁ COA SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- Fotocopia do libro de familia.
- Folla de empadramento do Concello.
- Fotocopia, de ser o caso, do carné de familia numerosa.
- De alegar minusvalía, certificación do INSERSO ou certificación psicopedagóxica.
- Si procede doutro centro, certificado de matrícula.